


Actividades

Actividade 1: Carga como aplicación de inicio ou driver propio do EDI iwbdriver.

Para dispoñer de todas as funcionalidades do EDI debemos ter executándose o driver (iwbdriver), polo que nos interesa que este driver se cargue automaticamente ao arrancar o equipo. Para iso abrimos o xestor de configuración e seguimos os seguintes pasos:

- *Menú de aplicativos - Configuración - Xestor de configuración*
- *"Sesión e inicio"* para despois na pestana "Inicio automático de aplicacións" Engadir un atallo ao seguinte script: **/usr/bin/iwbv7/run.sh**. Podendo poñer en nome e descrición un texto que nós consideremos.




Actividade 2: Descarga e instala paquete *Kits update 1.2 all.deb*

- Descarga da **Aula Aberta Abalar**, url: <http://www.edu.xunta.es/centros/abalar> o arquivo *kits_update_1.2_all.deb*. Este arquivo o atopas dentro de "Aulas kit dixital" no enlace "Actualización do Sistema Operativo do portátil da aula (versión Debian 8.1)"
- Seguindo os pasos que se indican no arquivo [Instrucións para actualizar](#), actualiza o teu equipo co arquivo descargado no punto anterior.
- Unha vez haxas reiniciado o equipo comproba que o audio funciona correctamente podes utilizar a url anterior pero no enlace de "Encerado Dixital multiCLASS" e en "Comprobacións necesarias, posteriores á actualización do equipo co paquete actualizador."


Actividade 3: Desactiva o Plank , esto fará que non aparezan as iconas situadas na parte inferior do escritorio.

Menú de aplicativos> Configuración> Xestor da configuración> Sesión e inicio> Desactivar o check correspondente




Actividade 4: Cambia a configuración do escritorio de xeito que podamos dispoñer de iconas e accesos directos nel. Imos marcar as opcións correspondentes para poder acceder desde o escritorio: á carpeta do usuario, ao sistema de ficheiros, á papelería e aos dispositivos extraíbles que conectemos ao equipo.

Menú Aplicativos> Configuración > Xestor da configuración> Escritorio



Actividade 5: Crea un acceso directo ao driver da pizarra e renoméalo poñendo un nome que o identifique.


Menú de aplicativos>Educación>Iwbdriver




Premer sobre o nome do driver "Iwbdriver" e arrastra ao escritorio, unha vez creado o acceso directo no escritorio temos a opción de renomealo co menú contextual.

Actividade 6: Crea un panel horizontal na parte inferior do escritorio que nos permita:


- Acceder ao Menú aplicativos e as xanelas
 - Menú contextual do panel superior e prememos en "*Preferencias do panel*"



- Engadimos o panel premendo na icona  e desactivamos o check de Bloquear panel para poder colocalo onde queiramos, neste caso na parte inferior do escritorio e xogamos co tamaño según nos conveña.



- Na pestana Elementos engade os que pide o exercicio



- Crea un lanzador a *Open-Sankoré* no panel horizontal inferior que acabas de crear.

Menú de aplicativos>Educación> Open-Sankoré


Premer no nome da aplicación e arrastrar ata o panel.

Actividade Opcional: Agora que xa sabes modificar o escritorio deixao como o consideres. Se prefires deixalo tal e como estaba. Fai o seguinte:

- Elinima o panel horizontal inferior creado por ti
- Configura o escritorio de novo de xeito que non se poida poñer ningún acceso directo nin lanzador de aplicacións.
- Volve a activar o plank

Actividade 7: Cambia o Salva pantallas e configúrao para un intervalo de aparición mínimo dunha clase (50 minutos)

Menú de aplicativos> Configuración> Xestor da configuración>Screensaver




Podemos cambiar o salvapantallas seleccionando na opción Mode "Only One Screen Saver" e dos que nos ofrece elixe o "PopSquare". E proba na opción "settings..." a modifícalo de xeito que aparezan 3 cadros tanto en horizontal como en vertical e a liña divisoria máis grossa.

Actividade 8: Crea un cartafol co nome *cursoKitsDixitais* dentro da carpeta Documentos do usuario.

Abre o LibreOffice Writer, crea un documento e gardao no teu pendrive

Menú de aplicativos>Oficina>LibreOffice Writer

Recorda que para atopar os dispositivos externos conectados ao equipo temos que acceder a carpeta usuario que se atopa na carpeta media. Para elo temos que ir ao directorio raíz tal como indican as imaxes.



Actividade 9: Arranca o Xestor de ficheiros e configura nel as seguintes opcións:

- Visualización en modo *Lista*.
- Ordena a visualización anterior por data de modificación
- Amosar tamén os arquivos ocultos
- Amosar o propietario
- Configura de xeito que a visualización por defecto sexa “Visualización en lista” e a ordeación de elementos sexa “Por data de modificación”
- Move da carpeta descargas o paquete actualizador que descargamos na actividade 2 a carpeta creada na actividade anterior.
- Comprime e descomprime a carpeta creada no exercicio anterior que como mínimo contén dous arquivos.

Actividade 10: Traballo desde o “Xestor de paquetes Synaptic”.::

- Instala unha ferramenta que nos proporciona información do sistema chamada “Sysinfo” utilizando o Synaptic.

- Si fixeches ben a actividade 2, deberías ter instalado o paquete actualizador *Kits update 1.2 all.deb*. Comprobao desde o Synaptic.